


MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

IES RICARDO MELLA (VIGO)
CURSO 2022-2023



Festa dos Maios no IES Ricardo Mella (maio 2023)

Coordinador do EDLG: Henrique Salvador Estévez Hernández



Comezamos o curso formando o Equipo de Dinamización, primeiro co profesorado que se prestou voluntario durante o claustro inicial do ano, e, posteriormente, con membros do alumnado e do PAS, que se foron sumando progresivamente. Por outra parte, tamén tomamos contacto con outros departamentos do centro, de maneira que o traballo interdisciplinar foi unha das vértebras deste proxecto para o curso 2022-2023. A composición do Equipo de Dinamización Lingüística do curso 2022-2023 foi a seguinte: Henrique S. Estévez Hernández (coordinación e Dpto. de Lingua Galega); Vera Álvarez (Dpto. Lingua Galega); Raquel Martínez (Dpto. FOL); Laura Carpenle, Héctor Novoa e Carmen del Real (Dpto. Xeografía e Historia), Susana Piñeiro (Dpto. EF); Javier Feijoo (Dpto. Latín); Luz María Rodríguez (Dpto. Música); Yésica Blanco (Dpto. Bioloxía); Fina Teijeiro (Vicedirección) e Cristina Fojo (PAS).

a) PRIMEIRO TRIMESTRE

Benvida ao Galego. Manual de introdución á lingua galega

Durante os primeiros meses priorizamos a acollida en galego para o alumnado acabado de chegar (na ESO, no Bacharelato, nas FPs e Ciclos...) e, nomeadamente, ao alumnado estranxeiro, moi numeroso no noso centro. Para este alumnado, como xa fixeramos o ano pasado, elaborouse un material básico de lingua galega que lles foi distribuído e co que estiveron traballando estes primeiros meses.

Emisora escolar - Na Onda do Mella

Ao longo do primeiro trimestre botouse a andar [Na Onda do Mella](#), a emisora do noso centro, unha das principais actividades dinamizadoras durante todo o curso, coa gravación de programas nos que participou alumnado moi variado. Nesta avaliación arrincamos con programas como o realizado por 1º ESO sobre as linguas da Península Ibérica ([Linguas Coradas](#)), o feito por 1ºFPBA para o [Proxecto Mámoas](#) ou o [Especial do 25 de novembro](#), no que participou alumnado facendo recitados reivindicativos da xornada. Tamén se realizou a apertura das redes sociais da emisora do centro, como [Facebook](#) ou [Ivoox](#).

Proxecto Mámoas e Proxecto Lagares

Outras actividades principais sobre as que xirou este curso foron as desenvolvidas ao abeiro de dous proxectos realizados nos Plan Proxecta, Proxecto Mámoas e Proxecto Lagares, ambos coordinados desde o EDLG; polo que nesta 1ª avaliación houbo que facer os contactos pertinentes cos diferentes departamentos e persoas implicadas para levalos a cabo. Ademais, o alumnado comezou a traballar nestes proxectos, coa realización de [exposicións megalíticas](#), [folletos crítico-colaborativos](#) ou tamén coa creación de microrrelatos rupestres/megalíticos. Tamén se realizou a apertura das redes sociais dos devanditos proxectos, como [Facebook Proxecto Mámoas](#), [Facebook Proxecto Lagares](#) ou [Youtube Proxecto Mámoas](#).

Apertura de web e redes sociais do EDLG

Abríronse tamén as diferentes *webs* nas que se aloxaron os diferentes traballos do EDLG como [Facebook](#) ou [Instagram](#), e continuouse poñendo ao día o [Blog de Normalización](#), sección pertencente á [web institucional do centro](#).

Colaboración cos clubs de lectura

Desde o EDLG tamén colaboramos cos distintos Clubs de Lectura do centro fomentando o uso da lingua galega na lectura: no primeiro trimestre léronse tres libros en galego, en tres dos catro clubs de lectura. Neste primeiro trimestre, tamén colaboramos coa traída ao centro de [Laura Romero](#), ilustradora e música, que veu dar unha charla no mes de decembro.



Campionato Provincial de Regueifas de Valadares

Tamén promovemos a participación nos obradoiros para o Campionato Provincial de Regueifas de Valadares cos grupos de 3º ESO e 4º ESO (novembro), que foron impartidos polo docente regueifeiro Kike Estévez. Posteriormente, unha vez clasificado para a final, o alumnado que recibiu os obradoiros realizou a saída ata o Centro Cultural de Valadares para participar no [Certame Provincial de Regueifas](#).

Visita a Compostela-Padrón con Bacharelato

Nunha actividade organizada polos departamentos de Lingua Galega e Dinamización Lingüística o venres 16/12/22, o alumnado dos grupos de 1º BACH H e de 2º BACH H realizou unha [saída ata Compostela](#) para visitar as dependencias do Museo do Pobo Galego e o Panteón de Galegos Ilustres. No Museo puideron gozar coas diferentes salas dedicadas aos oficios tradicionais, á nosa música, ás nosas construcións... pero tamén con outros detalles, coma a escaleira helicoidal ou as recreacións auténticas de embarcacións galegas. Por outra parte, puideron visitar o Mosteiro de Bonaval, no que coñeceron os sepulcros de Rosalía de Castro, Castelao, Alfredo Brañas ou Ramón Cabanillas. Ademais, á volta cara a Vigo, paramos na Casa de Rosalía de Castro (Padrón), onde tivemos a sorte de coñecer o presidente da Fundación, o mestre Anxo Angueira.

Concursos de conxuros e de microrrelatos para o Samaín

Para o Samaín leváronse ao cabo un concurso de conxuros destinado ao alumnado de 1º e 2º de ESO e outros de microrrelatos destinado ao alumnado de 3º e 4º de ESO e de 1º e 2º de BACH. Nesta ocasión, [os textos vencedores](#) no concurso de conxuros foron o de Matías (1º ESO) e o de María (2º ESO). No tocante ao concurso de microrrelatos, a gañadora resultou Marta Ocampo (2º BACH), co seu texto "Frankenstein e a moura".

Magosto


Durante a xornada do Magosto, a partir do mediodía suspendéronse as clases e realizáronse as habituais celebracións, como o asado de castañas para toda a comunidade educativa, a práctica de xogos populares galegos e a escoita de música tradicional pola nosa emisora.

Concurso de Postais de Nadal

Para a época de Nadal, en colaboración cos departamentos de Lingua Castelá, Francesa e Inglesa, realizouse un [concurso de postais de Nadal](#), que resultou moi interesante para o alumnado, pois tivo unha gran participación e houbo representación de todas as linguas impartidas no centro.

Saída para canto coral de panxoliña

Nunha actividade organizada polos departamentos de Música e Dinamización Lingüística o coro de Nadal do IES Ricardo Mella (1º e 2º ESO) realizou o mércores 22/12/23 unha fermosa [actuación no Centro Residencial de Persoas Dependentes do Meixoeiro](#) (Vigo 2); na que interpretaron, entre outras pezas, a panxoliña titulada "*Canto de Nadal de Luíntra*". Ademais, cantáronlle tamén o *Feliz Aniversario* a María e Asunción, dúas maravillosas persoas que onte cumprían 100 e 104 anos respectivamente. Para rematar, despois de entoar cantigas como a *Rianxeira* ou o *Sancrestán de Coímbra*, cada integrante do noso coro regaloulles ás e ós residentes presentes no Salón de Actos unha postal de Nadal e algún caramelo...



b) SEGUNDO TRIMESTRE

Emisora escolar - Na Onda do Mella

Nesta segunda avaliación realizáronse programas especiais para o Día de Rosalía (23 febreiro) e mais para o Día da Muller (8 de marzo), no que participou alumnado moi diverso facendo recitados reivindicativos das xornadas. Por unha banda, conmemoramos a data do nacemento de Rosalía de Castro coa emisión do programa "[Rosalía na Onda](#)", escoitando moita música e recitados do alumnado do noso Centro. Por outra banda, emitiuse "[Mulleres Valentes](#)", a gravación do grupo de 1 ESO para a xornada especial do 8 de marzo, Día da Muller. Ademais, tamén se gravou un programa para [Proxecto Mámoas](#), xusto á volta dunha das visitas a Candeán, no que o alumnado de 1ºFPBA comentou o que lle pareceu a saída.

Proxecto Mámoas

O Proxecto Mámoas continuou desenvolvéndose durante o segundo trimestre coas diferentes implementacións en cada unha das materias implicadas, e coa realización das dúas primeiras charlas do proxecto e as dúas saídas previstas ata a Ruta das Mámoas de Candeán. Nas charlas, tivemos a sorte de contar con persoas especialistas como [Elisa Pereira](#) (arqueóloga), [Xosé Couñago](#) (divulgador cultural) e [Gonzalo Navaza](#) (profesor universitario). Durante as [saídas ás mámoas](#), o alumnado foi facendo diferentes traballos de campo, consistentes no fotografado e gravacións de vídeo e audio, que posteriormente formaron parte de diferentes proxectos educativos, como informes, programas de radio ou mesmo a creación de lendas.

Proxecto Lagares

O Proxecto Lagares continuou desenvolvéndose durante o segundo trimestre coas diferentes implementacións en cada unha das materias implicadas. Nomeadamente, na materia de Lingua Galega foise afondando no léxico do bosque de ribeira galego (fauna e flora), e mais na tradición oral relacionada co patrimonio material dos ríos galegos. Tamén se aproveitou para ir creando o herbario e o xogo da descuberta, que se usarían no terceiro trimestre.

Concursos de Entroido

Desde o EDLG do centro deseñamos a [programación do Entroido 2023](#) para a semana do 13 ao 17 de febreiro coas seguintes actividades:

- *Meco 2023: Ordes diarias (13-16 febreiro)*

O Meco deixou as ordes para os primeiros catro días da semana de Entroido (luns a xoves).

- *Concurso de Coplas de Entroido (todo a C.E.)*

Organizouse un concurso de Coplas de Entroido para toda a Comunidade Educativa.

- *Concurso de Máscaras de Entroido (1º - 4º ESO)*


Organizouse un concurso de Máscaras de Entroido para o alumnado de ESO.

- *Concurso de Doces de Entroido (Bach e Ciclos)*

Organizouse un concurso de Doces de Entroido para o alumnado de BACH e CICLOS.

Festa do Entroido

A partir do mediodía do venres 17 de febreiro celebrouse a [Gran Festa do Entroido](#), na que se realizaron as seguintes actividades: Festa de Disfraces, Entrega dos premios dos Concursos do Entroido (Doces, Máscaras e Coplas), recreación de xogos populares galegos e escoita de música pola emisora do centro. Por outra parte, durante toda a semana de Entroido a entrada do noso IES estivo decorada coas diferentes [máscaras](#) que conforman o Entroido tradicional galego, como cigarróns, peliqueiros, boteiros, pantallas, madamitas, panfarróns...



Semana de Rosalía

O venres 23/2/23 celebrouse o Día de Rosalía de Castro, e unímonos á celebración comezando a Semana de Rosalía, na que nos achegamos á súa figura e á súa obra; escoitando, recitando e incluso cantando algúns dos seus versos. Ademais, todo isto culminou coa emisión do programa especial "[Rosalía no Mella](#)", no que participou alumnado moi variado e que emitiu a nosa radio escolar. Por outra parte, durante toda a [Semana de Rosalía](#) a entrada do noso IES estivo decorada con imaxes de Rosalía de Castro penduradas do teito.

Semana 8m

Nunha actividade organizada polo Equipo de Igualdade, o Departamento de Lingua Galega e o Equipo de Dinamización Lingüística, durante a semana do 8 de marzo de 2023 realizouse [Mulleres valentes](#), a gravación do grupo de 1º ESO para a xornada especial do 8 de marzo, Día da Muller Traballadora. Para esta xornada tamén se realizou parte da gravación doutro programa chamado "*Mulleres Bravas*", que non se puido emitir por problemas técnicos.

Sesión de Contacontos

No Día do Teatro (27/3/23) tivemos a gran sorte de recibir no IES Ricardo Mella a gran contadora, escritora e actriz de teatro Paula Carballeira; que en primeiro lugar nos falou do seu libro "A era de Lázaro", pois foi un dos libros dos clubs de lectura de febreiro; e finalmente nos deleitou cunha [sesión de contos terroríficos](#) para os grupos de 1º e 2º ESO.

Colaboración cos clubs de lectura

Desde o EDLG seguimos colaborando cos distintos Clubs de Lectura do centro fomentando o uso da lingua galega na lectura: no segundo trimestre léronse sete libros en galego, nos catro clubs de lectura. Neste trimestre, tamén colaboramos coa traída ao centro de Paula Carballeira, escritora e contadora, que veu dar unha charla no mes de marzo.


c) TERCEIRO TRIMESTRE

Emisora escolar - Na Onda do Mella

Nesta terceira avaliación realizáronse programas especiais para o Día das Letras Galegas (17 maio), para os proxectos Mámoas e Lagares; e mais para a participación no Concurso das Imaxes do Patrimonio de Ponte nas Ondas, nos que participou alumnado moi diverso. Para o Día das Letras Galegas realizáronse dúas gravacións por parte do grupo de 1 ESO "[Galego, lingua mai](#)" e "[Don Paco, eterno](#)". Por outro lado, para os proxectos [Mámoas](#) e [Lagares](#) gravouse cadanseu programa final, onde podemos escoitar as persoas especialistas participantes nos proxectos e tamén un resumo das actividades realizadas durante o curso. Ademais, nesta avaliación tamén se gravaron catro episodios de "[As mariñeiras](#)", programa especial dedicado ás imaxes do patrimonio cultural, e que serán presentados ao 6º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués de Ponte nas Ondas.

Proxecto Lagares

Neste trimestre realizáronse as cinco saídas programadas do [Proxecto Lagares](#), nas que participou alumnado de diferentes cursos (1º BACH + 1º, 2º, 3º e 4º ESO), que nalgunha ocasión estivo acompañado por membros de ADEGA, como Paco bañobre, e noutras polo divulgador e escritor [Xosé Couñago](#); visitando diferentes lugares relacionados co río Lagares, nun roteiro a pé que partiu do noso IES. Para comezar, a primeira parada foi no Pozo e Fervenza da Serpe e na Fábrica abandonada "La Cristina"; despois, xusto ao lado, descubriron a vella central hidroeléctrica e o fermoso salto de auga que provoca.



A seguir, a ruta continuou a pé ata o tramo do río Lagares da zona Cabral-Sello, no que se realizou un recoñecemento de especies autóctonas e invasoras, e mesmo nunha das saídas, o alumnado realizou un recoñecemento de macroinvertebrados extraídos do río por Paco Bañobre; co que puideron comprobar a boa calidade do tramo do río no que traballaron. Ademais, en todas as saídas o alumnado realizou un herbario con exemplares atopados e recoñeceu diferentes animais de ribeira coma melros, paporrubios, parrulos... e ata un unha troita no río. Para rematar a ruta, a última parada foi na lavadoiro do Sello, no que botamos unha repichoca como fin de festa. Alén do tratamento teórico previo sobre elementos patrimoniais, durante a saída, aproveitouse para achegar o alumnado ás historias, lendas e cantigas relacionadas con muíños e lavadoiros ou con pozas e fervenzas. Para o mellor aproveitamento destas saídas, desde o EDLG creouse un [xogo da descuberta](#) consistente en encontrar vinte e cinco elementos relacionados co río, entre os que están fauna, flora, especies invasoras, elementos patrimoniais ou agresións no río; que todo o alumnado realizou durante as cinco saídas efectuadas.

Proxecto Mámoas


O Proxecto Mámoas continuou desenvolvéndose durante o terceiro trimestre coa realización dos diferentes traballos por parte do alumnado, como a [réplica de monumentos megalíticos](#) realizada por 1º ESO, ou coa derradeira charla do proxecto, que correu ao cargo do especialista en técnicas fotogramétricas, Manuel García Ávila. [Nesta interesante sesión](#), o relator explicou o proceso para a aplicación da fotogrametría en elementos megalíticos ou rupestres, como dolmens ou petróglifos. Alén das explicacións sobre o proceso de realización, tamén puidemos ver parte do seu traballo aloxado en Sketchfab ou coñecer as aplicacións da fotogrametría e o modelado 3d; o que poderá ser dunha grande utilidade no ámbito megalítico-rupestre que aborda este proxecto. Ademais, foi para nós un orgullo ter a Manuel novamente no noso IES, pois non hai moito tempo formou parte do mesmo como alumno. Por outro lado, publicouse tamén "[Proxecto Mámoas. Episodio final](#)", un traballo radiofónico que fai un percorrido pola Ruta Arqueolóxica das Mámoas de Candeán, actualizando o estado de cada un dos monumentos megalíticos visitados, e no que tamén poderedes escoitar a Elisa Pereira, Xosé Couñago ou Gonzalo Navaza; que nos contaron cousas moi interesantes sobre as artes megalítica e rupestre, tanto nas charlas coma nas saídas nas que estiveron presentes. Ademais, para este episodio o alumnado de 1º ESO preparou algunhas lendas maravillosas sobre algún dos dolmens visitados nas saídas. Para rematar, os condutores do programa, Andrea, Efraín e Nico fan un pequeno resumo dalgunhas das actividades levadas ao cabo polo alumnado do Proxecto Mámoas durante este curso.

Semana das Letras Galegas

Nesta [Semana das Letras 2023](#) gozamos con actividades moi variadas, como a [actuación poético-musical](#) das Aldaolado (María Lado e Lucía Aldao), un faladoiro sobre o galego nas redes sociais con [Orgullo Galego](#) (Borxa González) ou unha [sesión de teatro](#) sobre a figura de Francisco Fernández Del Riego con Raquel Queizás. Ademais, tamén se realizaron outras actividades como programas de radio, concursos, exposicións ou a creación de chapas.

Concursos Letras Galegas

Nesta Semana das Letras 2023 tamén se propuxeron dous [concursos](#) para toda a rapazada do IES. Por unha banda, un concurso de ilustracións sobre Fernández del Riego no que tiñan que ilustrar a Paco del Riego acompañado dalgunha referencia literaria ou vital, e, pola outra, un concurso de Coplas de Maio, no que, por equipos, tiñan que crear unhas coplas para cantarlle ao maio elaborado artesanal e conxuntamente por profesorado, alumnado e PAS.



Festa dos Maios

O día 19/5/23, o alumnado de 1º e 2º ESO participou na [Festa dos Maios](#), que se celebrou arredor do maio elaborado para este ano, e na que se procedeu ao canto das coplas realizadas para o concurso. Posteriormente realizouse tamén a entrega de premios dos concursos das Letras, saíndo vencedor@s @s seguintes traballos:

- *Concurso de Ilustracións de Fernández del Riego*: 1º Premio, Matías (1º ESO); 2º premio, Andrea (1º ESO); 3º premio: Efraín (1º ESO)
- *Concurso de Coplas*: 1º premio ao grupo formado por: Lucía, Mía, Melanie e Hanna (2º ESO)

Colaboración cos clubs de lectura

Desde o EDLG seguimos colaborando cos distintos Clubs de Lectura do centro fomentando o uso da lingua galega na lectura: no terceiro trimestre léronse sete libros en galego, nos catro clubs de lectura. Neste trimestre, tamén colaboramos coa traída ao centro de [Ana Cabaleiro](#) e [Montse Fajardo](#), escritoras que viñeron dar unhas charlas nos meses de abril e maio. Ademais, tamén colaboramos coa realización e coa saída da [Xuntanza Manga](#).


Recollida de premios de Podcasts “O vello dos Contos”

O martes 6 de xuño, o grupo de 1º ESO do IES Ricardo Mella viaxou ata Santiago de Compostela para recoller o seu trofeo e os seus agasallos por seren [finalistas da V edición dos premios internacionais de podcasts](#) "O vello dos contos" co seu podcast enviado a concurso e titulado "*Don Paco, eterno*". A cerimonia de entrega, celebrada no IES Rosalía de Castro contou tamén coa presenza de Anxo Angueira (mestre, poeta e presidente da Fundación Rosalía), Valentín García (secretario Xunta) ou mesmo coa propia Lola Mosquera, filla do homenaxeado con este concurso, Xosé Mosquera Pérez, O Vello dos Contos. Ademais, a xornada foi completa, pois o alumnado que se desprazou ata Compostela puido gozar cunha marabillosa mañá de sol, na que puideron visitar emprazamentos como a Catedral de Santiago ou o Pazo de Fonseca...

Participación no Concurso das Imaxes de Ponte nas Ondas

Durante as derradeiras semanas do curso graváronse catro episodios de "*As Mariñeiras*", programa especial de Na Onda do Mella dedicado ás imaxes do patrimonio cultural, e que foron presentados ao 6º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués de Ponte nas Ondas.

- *Episodio 1*: no que alumnado de 1º ESO e de 1º FPBA nos presenta unha foto enviada ao concurso por Marta, alumna de 2º BACH, na que se pode ver ao seu bisavó... Ligazón en: https://www.ivoox.com/as-marineiras-1-os-maquis-15-6-23-audios-mp3_rf_110494397_1.html
- *Episodio 2*: no que alumnado de 1º ESO e de 1º FPBA nos presenta unha foto enviada ao concurso por Sila, alumna de 2º BACH, na que se pode ver ao seu avó na emigración en Alemaña. Ligazón en: https://www.ivoox.com/as-marineiras-2-a-emigracion-15-6-23-audios-mp3_rf_110497476_1.html
- *Episodio 3*: no que alumnado de 3º ESO nos presenta unha foto enviada ao concurso por Julio, alumno tamén de 3º ESO, na que se pode ver a súa avoa na romaría das Candeas, en Castrelos (Vigo). Ligazón en: https://www.ivoox.com/as-marineiras-3-a-romaria-das-candeas-15-6-23-audios-mp3_rf_110499354_1.html
- *Episodio 4*: nesta ocasión, o alumnado de 1º ESO preséntanos unha foto enviada ao concurso por Alexandre, tamén alumno de 1º ESO, na que se pode ver a súa tataravoa nun fiadeiro de liño. Ligazón ao programa en: <https://shorturl.at/ghoP9>



d) Cambios realizados con respecto á programación inicial


Ao longo do curso vímonos na obriga de anular algunhas das actividades previstas por diferentes razóns alleas á nosa vontade. Por outra parte, tamén xurdiron actividades novas, non programadas previamente, pero que consideramos relevantes e decidimos levar ao cabo.

• Actividades programadas non realizadas:

- *Participación no Certame de Regueifas Municipal* (este ano 2023 non se realizou este certame nin tampouco os obradoiros dependentes)
- Non se realizou o *episodio de radio programado para o Entroido* (imposibilidade de gravación por falta de tempo)
- Non se realizou a *creación de videopoemas para o Día de Rosalía* (imposibilidade de gravación por falta de tempo)
- Non se realizou a “*Semana das Culturas*”, programada para o mes de maio, por coincidir con outras actividades das Letras e doutros departamentos.
- Tampouco se realizou “*Unha Semaniña Enteira*”, programada para o mes de maio, por coincidir con outras actividades das Letras e doutros departamentos.
- Deixouse de realizar a *charla prevista co autor Carlos Callón*, por imposibilidade de coincidencia de datas entre o escritor e o EDLG.
- Finalmente, tampouco se puido realizar a *Saída a Portugal*, programada para a derradeira semana de xuño, por non contar con fondos nin no EDLG nin no Departamento de Galego.

• Actividades realizadas non programadas previamente:

- *Saídas Proxecto Lagares*: Aínda que só había dúas programadas previamente, finalmente se realizaron cinco saídas neste proxecto, polo que houbo que planificar sobre a marcha as tres novas datas. Fíxose desta maneira para poder dividir todo o alumnado participante en grupos máis pequenos, e así poder traballar mellor durante as saídas.
- *Día das Letras Galegas*: Aínda que en primeiro termo tiñamos planificada algunha charla ou actuación para este día, finalmente a organización da Semana das Letras superou todas as expectativas ao reunir no noso centro tres actos culturais ben talentosos: a actuación poético-musical das Aldaolado (das poetas María Lado e Lucía Aldao), un faladoiro sobre o galego nas redes sociais con Orgullo Galego (do creador de contidos Borxa González) ou unha sesión de teatro sobre a figura de Francisco Fernández Del Riego (representada excepcionalmente por Raquel Queizás). Para realizar estas actividades tivemos a colaboración económica do Departamento de Lingua Galega e da Dirección do Centro.
- *Terceira charla do Proxecto Mámoas*, con Manuel García Ávila, que nos explicou o proceso para a aplicación da fotogrametría en elementos megalíticos ou rupestres, como dolmens ou petróglifos. Esta charla foi organizada avanzado o curso, tras o contacto casual con Manuel e o seu traballo polas redes sociais do EDLG.
- *Viaxe a Compostela – Recollida de premios OVDC*: grazas ao seu *podcast* enviado a concurso e titulado “*Don Paco, eterno*”, o grupo de 1º ESO viaxou ata Santiago de Compostela para recoller o seu trofeo e os seus agasallos por seren finalistas da V edición dos Premios Internacionais de Podcasts “O vello dos contos”. Para realizar esta actividade tivemos a colaboración económica inestimable do Departamento de Lingua Galega e da Dirección do Centro.




e) Autoavaliación da consecución dos obxectivos previstos.

Para realizar unha autoavaliación dos obxectivos deseñados previamente, cómpre analizalos un por un co fin de comprobar a súa consecución e podermos, dese xeito, establecer un plan de mellora tras un exercicio de autocrítica, que realizaremos no seguinte punto deste proxecto.

En canto ao obxectivo principal deste proxecto, consistente en “*Implicar a toda a comunidade escolar e a súa contorna no fomento do galego*”, podemos dicir que se cumpriu con creces, pois durante o curso fixéronse diferentes actividades que promoveron a implicación de diferentes sectores da comunidade escolar, como concursos, actuacións, saídas, charlas...; e, sobre todo, coa implementación da emisora escolar e dos proxectos Mámoas e Lagares. Ademais, con estes dous proxectos puxemos en relación o alumnado coa súa contorna e co seu barrio, pois desprazáronse camiñando por diferentes zonas próximas ao seu centro de estudos. No que se refire á colaboración con entidades da contorna, desde o EDLG fomentamos a mesma con diferentes entidades, como co Centro de Persoas Maioras do Meixoeiro, a Comunidade de Montes de Candeán ou coa propia Universidade de Vigo. Por outra parte, este curso continuouse traballando para “*Mellorar as adaptacións do alumnado con dificultades de aprendizaxe na nosa lingua, nomeadamente alumnado estranxeiro*”, implementando o Manual de Benvida ao Galego e outros materiais extra, como fichas ou actividades tiradas da rede.

Ao ser un dos obxectivos primordiais deste proxecto “*Fomentar a oralidade do alumnado en lingua galega*”, pensamos que a posta en marcha da emisora escolar e mais a implementación dos proxectos Mámoas e Lagares foron unha atinada idea, pois grazas a todo isto o alumnado traballou a oralidade de diferentes xeitos. Por unha banda, ante experiencias de anos anteriores na nosa emisora nas que a rapazada apenas participaba, pois contabamos cunha radio empregada case exclusivamente para facer entrevistas; este ano decidiuse darlle máis voz ao alumnado cunha serie de programas creativos, nos que a participación foi numerosa e entusiasta, pois se gravaron un total de dezaioito programas dirixidos por alumnado de cursos da ESO, Bacharelato, FPB e Ciclos. Ademais, nestes programas contáronse lendas, cantáronse cantigas, fixéronse entrevistas e escoitouse moita, pero que moita música en lingua galega. Por outra parte, nos proxectos Mámoas e Lagares realizáronse multitude de actividades nas que a oralidade foi esencial, como as presentacións orais dos traballos de Bacharelato, os contos creados para as mámoas de Candeán por 1º ESO e contados nas aulas, ou as cantigas de lavadoiros e muíños aprendidas e cantadas polo alumnado nas saídas do Proxecto Lagares. Ademais, en moitas outras actividades organizadas durante o curso fomentouse a oralidade na nosa lingua, como na saída para o canto dunha panxoliña, a participación no certame de regueifas ou cos concursos de Coplas de Entroido e dos Maios.

No tocante ao obxectivo de “*Incorporar o uso do galego nas novas tecnoloxías*”, dende a emisora do centro fomentouse entre o alumnado a creación de programas radiofónicos, polo que se tiveron que familiarizar con diferentes recursos tecnolóxicos, como a gravación desde diferentes dispositivos, a edición de audio no programa Audacity, os conversores de formatos de audio/vídeo ou o emprego da Aula Virtual para subir gravacións propias. Ademais, nos proxectos Mámoas e Lagares tiveron que realizar presentacións en lingua galega en diferentes formatos como Canva, Power Point, Prezy ou Genially. Por outra parte, desde o EDLG, o Departamento de Galego e os Clubs de Lectura tamén se fomentou a gravación de *booktrailers* sobre libros en lingua galega, lidos este curso nos diferentes clubs.




Un dos puntos nos que incidimos este curso foi en “*Mellorar a nosa biblioteca de centro con novos títulos*”, pois houbo unha colaboración continua entre o EDLG, o Departamento de Lingua Galega, o Club de Lectura e a Biblioteca para logralo. No desenvolvemento do curso adquiríronse novos títulos interesantes para os clubs de lectura, como *O cemiterio de barcos*, *As ramonas*, *Corredora* ou *O libro Negro da Lingua Galega*. Por outra parte, este ano fomentouse a adquisición de títulos máis actuais e adaptados aos intereses do noso alumnado, como cómics (*Fon, o bombeiro galáctico*), mangas (*Tam 1 e 2, A proba de auga*) ou libros ilustrados (*Ferreñas e rock&roll*). Ademais, este curso sumamos á nosa biblioteca algúns libros (un deles un cómic) para preparar a figura de Francisco Fernández del Riego na Semana das Letras galegas

Xa que logo, desde o EDLG pensamos que neste curso 2022-2023 se cumpriu amplamente o obxectivo de potenciar o idioma con actividades académicas e de lecer, sendo a emisora do centro e os proxectos Mámoas e Lagares os eixos sobre os que xiraron moitos dos traballos do alumnado. Ademais, coas celebracións realizadas ao longo do ano (Magosto-Nadal-Entroido-Maios-Letras), o alumnado puido achegarse á nosa cultura propia, participando en diferentes actividades nas que a lingua galega foi o vehículo de comunicación.

f) Proposta de actuacións de mellora para vindeiros proxectos.

En canto á autocrítica, sempre necesaria, e ás propostas de actuacións de mellora, desde o EDLG pensamos que, aínda que a maioría dos obxectivos foron conseguidos, habería que tentar mellorar nalgúns puntos para que o traballo fose máis efectivo e coordinado, e o efecto sobre a comunidade educativa fose maior. A seguir enumeramos unha serie de propostas de mellora para os vindeiros proxectos do EDLG do IES Ricardo Mella:

- Mellorar a comunicación entre profesorado e EDLG, para evitar contraprogramacións ou actividades simultáneas (exames, saídas...).
- Volver a realizar a actividade “*Unha Semaniña Enteira*”, que este ano non se puido facer por programala erroneamente nun mes no que había moitas actividades (maio)
- Implicar máis nas actividades do EDLG o alumnado masculino do centro e as familias do alumnado.
- Realizar máis actividades relacionadas co audiovisual (curtametraxes, tiktoks, vídeoclips...).
- Fomentar o uso do galego tamén entre o profesorado, con diferentes actividades como faladoiros durante os recreos.
- Implicar a máis profesorado de diferentes departamentos na organización e na participación nas actividades (club de lectura adultos).
- Solicitar da Dirección do centro melloras na comunicación entre o EDLG, a Dirección e o resto do profesorado, prevendo posibles contraprogramacións e actividades simultáneas (sobre todo na Semana das Letras).
- Realizar máis colaboracións co tecido asociativo da contorna, como a AAVV de Cabral ou o Centro Cultural e Recreativo de Cabral.
- Realizar algunha visita a zonas verdes da contorna, como o Parque Forestal de Cotogrande (no que podemos visitar catro mámoas) ou a ruta do río Eifonso, xa en Bembrive, mais a escasos quilómetros do noso IES.
- Colaborar cos outros centros da contorna na elaboración de actividades conxuntas.



g) Cadro resumo de actividades realizadas

TEMPORIZACIÓ N	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S CORRESPONDENTE/S	PERSOAS DESTINATARIAS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
Actividade anual	Radio Mella: “Na onda do Mella” Programas en días marcados + Participación en “O Vello dos Contos” e “Ponte nas Ondas. Imaxes do patrimonio”	Todos os departamentos	Toda a comunidade educativa		Equipo de radio do centro.
Actividade anual	Activación das redes sociais do EDLG: Facebook, Instagram + Youtube + Ivoox	EDLG	Toda a comunidade educativa		Equipamento informático do centro
Actividade anual 1 outubro 2022 – 15 xuño 2023	Club de Lectura: Club de lectura en Igualdade Club de lectura xuvenil Club de lectura adultos Club Manga	EDLG + Departamento de Lingua Galega + Grupo de Igualdade	Toda a comunidade educativa.		Equipamento informático do centro.
Setembro- decembro	Manual de “Benvida ao galego”	Departamento de Lingua Galega	Alumnado estranxeiro recién chegado a Galicia		Fotocopias
15 outubro - 1 novembro 2022	Concurso de Conxuros e de Microrrelatos	EDLG + Departamento de Lingua Galega.	Toda a comunidade educativa.		Premios concurso
Novembro 2022	Certame Regueifas Provincial (Pontevedra)	EDLG + Departamento de Lingua Galega.	3º e 4º ESO		Equipamento informático do centro.
20 novembro 2022	Día contra a violencia machista. Programa en Radio Mella,	EDLG + Grupo de Igualdade	Toda a comunidade educativa.		Equipo de radio do centro.
Decembro	CHARLA CLUB LECTURA Laura Romero	EDLG + Lingua galega + IGUALDADE	Club de lectura + 1º ESO		Pago a relatora
Nadal 22 2ª semana	MUSEO - POBO GALEGO - Casa de Rosalía	EDLG + Lingua Galega.	1º + 2º BACH		Desprazamento en bus
Nadal 2022	O Nadal en Galicia: Cantos de Nadal: Paxoliñas, Reises, Aguinaldo... Canto coral dunha Paxoliña O apalpador e a apalpadora...	EDLG + Departamento de Lingua Galega + Departamento de Música	Alumnado de ESO		Fotocopias. Organizar itinerario e falar coas persoas coas que teñen que interaccionar. Atrrezzo para a actuación.
Xaneiro 23	Presentación Proxecto Mámoas	EDLG+ Lingua Galega + Xeografía e Historia+ Educación Física+ Francés	Toda a comunidade educativa.		Folletos informativos
2 febreiro 2023	Charla 1 Proxecto Mámoas Xosé Couñago + Elisa Pereira	EDLG+ Lingua Galega + Xeografía e Historia+ Educación Física+ Francés	1º ESO + 1º FPB		
16 febreiro 2023	Charla 2 Proxecto Mámoas Gonzalo Navaza	EDLG+ Lingua Galega + Xeografía e Historia+ Educación Física+ Francés	4º ESO + 1º BACH		
18 Febreiro 2023	Celebración do Entroido: (Concurso de máscaras + concurso de coplas+concurso de doces)	EDLG + Departamento de Lingua Galega.	Toda a comunidade educativa.	Departamento Lingua Galega	Premios do concurso+ fotocopias
Febreiro/ Marzo 2023	Día de Rosalía Programa en Radio Mella	EDLG + Departamento de Galego.	Toda a comunidade educativa.		Equipamento do centro
8 de marzo 2023	“Unha semana violácea” Programa de Radio 8m	EDLG + Igualdade + resto de Departamentos	Toda a comunidade educativa.		Equipamento informático do centro
23 marzo 23	Saída 1 Proxecto Mámoas	EDLG+ Lingua Galega + Xeografía e Historia+ Educación Física+ Francés	4 ESO, 1º FPB	Plans Proxecta	Viaxe en Bus a Candeán
27 marzo 2023	CHARLA CLUB LECTURA PAULA CARBALLEIRA	EDLG + Departamento de Galego.	Club de lectura xuvenil	Club de Lectura	Pago a relatora
30 marzo 23	Saída 2 Proxecto Mámoas	EDLG+ Lingua Galega + Xeografía e Historia+ Educación Física+ Francés	1 ESO, 1º BACH	Plans Proxecta	Viaxe en Bus a Candeán



11 abril 23	Saída 1 Proxecto Lagares	EDLG+ Departamento de Lingua Galega + Departamento de Bioloxía	1º BACH		Viaxe camiñando ata ao río Lagaes
13 abril 23	Saída 2 Proxecto Lagares	EDLG+ Departamento de Lingua Galega + Departamento de Bioloxía	1º ESO		Viaxe camiñando ata ao río Lagaes
20 abril 23	Saída 3 Proxecto Lagares	EDLG+ Departamento de Lingua Galega + Departamento de Bioloxía	4º ESO		Viaxe camiñando ata ao río Lagaes
27 abril 23	Saída 4 Proxecto Lagares	EDLG+ Departamento de Lingua Galega + Departamento de Bioloxía	2º ESO		Viaxe camiñando ata ao río Lagaes
27 abril 2023	CHARLA CLUB LECTURA Ana Cabaleiro	EDLG + Lingua galega + IGUALDADE	Club de lectura + 1º ESO	Departamento Lingua Galega	Pago a relatora
Abril 2023	“Semana do Libro”	EDLG + Departamento de Galego+ Biblioteca...	Toda a comunidade educativa.		Equipamento do centro
4 maio 23	Saída 5 Proxecto Lagares	EDLG+ Departamento de Lingua Galega + Departamento de Bioloxía	3º ESO		Viaxe camiñando ata ao río Lagaes
Finais de abril - maio 2023	Concurso de Coplas Maio	EDLG + Departamento de Galego.	Toda a comunidade educativa.	Departamento Lingua Galega	Premios do concurso
Maio 2023	Día das Letras Galegas: Francisco Fdz del Riego: actuación + charla	EDLG + Departamento de Galego.	Toda a comunidade educativa.	Departamento Lingua Galega + Dirección + EDLG	Actuación de AldaoLado + Charla de Orgullo Galego
Maio 2023	Día das Letras Galegas: Francisco Fdz del Riego: Representación teatro / material lectura/ chapas	EDLG + Departamento de Galego.	Toda a comunidade educativa.	440 € + 58 € + 2 €	Representación Raquel Queizás + material lectura + material chapas
maio 2023	Festa dos Maíos	EDLG + Departamento de Galego.	Toda a comunidade educativa.		
maio 2023	Charla 3 Proxecto Mámoas Manuel García Ávila	EDLG+ Lingua Galega + Xeografía e Historia+ Educación Física+ Francés	4º ESO + 1º BACH + FPBA + 1º ESO		
Maio - xuño 2023	Participación no Concurso podcasts “O vello dos contos”	EDLG + Departamento de Galego.	Alumnado de 1º ESO		Equipamento do centro
Xuño 2023	Viaxe a Compostela – Recollida de premios OVDC	EDLG + Departamento de Galego.	Alumnado de 1º ESO	Departamento Lingua Galega + Dirección	Desprazamento en bus a compostela
Xuño 2023	Participación no Concurso “Imaxes do Patrimonio” de Ponte nas Ondas Programas de Radio	EDLG + Departamento de Galego.	Alumnado de ESO + FPB + BACH		Equipamento do centro
			TOTAL	500 €	

Vigo, 27 de xuño de 2023

Henrique S. Estévez Hernández

Visto e prace,
Manuel Arias

Coordinador do EDLG

Director do IES Ricardo Mella

